



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 3 DE SETEMBRO DE 2022

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MANUEL PÉREZ RIOLA
CARMELA PRIETO CAL
MAGDALENA PÉREZ VILLAR
JESÚS ROMERO CARRACELAS
ERMITAS GARCÍA RÍOS
MANUEL MARTÍNEZ LÓPEZ
LUÍS RUBIDO RAMONDE
ESTEBAN BLANCO GARROTE
ESTHER COUTO LAMIGUEIRO
MARÍA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS
MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ
MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ

AUSENTES:

SECRETARIA ACCIDENTAL:

MARÍA DEL MAR ANTÓN BRAGE

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa consistorial do Concello de Cedeira, ás 12:00 horas do día 3 de setembro de 2022, reúnen os membros do Concello Pleno arriba relacionados co obxecto de realizar sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, mediante medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), de acordo coa convocatoria realizada pola Alcaldía-Presidencia ao abeiro do previsto no novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020.

Actúa como Secretaria Accidental da Corporación, dona María del Mar Antón Brage, que dá fe do acto. A Presidencia solicita dos membros asistentes autorización e consentimento para a gravación da sesión plenaria, así como a prestación de declaración de atoparse en territorio español, respondendo afirmativamente todos os concelleiros presentes. Constátase o cumprimento dos requisitos esixidos polo artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril para a válida realización das sesións por medios electrónicos e telemáticos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.



1. MOCIÓN EN DEFENSA DO ENSINO SECUNDARIO EN CEDEIRA

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da moción na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.

O Sr. Alcalde di: Dende a Plataforma Veciñal pediron permiso para poder eles participar na deliberación desta moción. Entón, como son persoas que xustifican a súa participación, digamos, dunha forma directa dentro das causas da moción, como implicación, como fixemos con outro Plenos extraordinarios que se convocaron, como por exemplo cos orzamentos participativos, ímoslle dar a palabra a María Pernas. Primeiro, imos ler a moción e, despois, va participar María Pernas a primeira e despois imos dar paso a que participen tódolos portavoces ou aquelas persoas que designemos e que queiran participar nesta moción. Primeiro lemos a moción, Secretaria, por favor.

Pola Secretaria Accidental dáse lectura á Moción en defensa do ensino secundario en Cedeira:

Con data 31.08.2022 (registro de entrada nº 2906) D. Manuel Pérez Riola, portavoz do grupo municipal PSdeG-PSOE, presenta a seguinte moción:

“MOCIÓN EN DEFENSA DO ENSINO SECUNDARIO EN CEDEIRA

Os Grupos Municipais Socialista e Bloque Nacionalista Galego do Concello de Cedeira, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan someter á consideración do Pleno a seguinte proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta moción tramitada con urxencia, debido ao inminente comezo do curso escolar, trata exclusivamente, polas graves consecuencias que pode supoñer en caso de non ser atendido, de UN dos problemas que preocupan a toda a comunidade escolar do IES Punta Candieira:

A Consellería de Educación planificou o vindeiro curso do IES Punta Candieira con 11 postos docentes menos. Todo o equipo directivo do IES Punta Candieira presentou a súa dimisión recentemente como resposta á drástica redución de plantilla de profesorado. Debemos subliñar que a supresión de profesorado pon en perigo un ciclo formativo e o bacharelato de adultos; diminuírá o horario de profesores de garda, fundamental para atender ao alumnado en caso de ausencias ocasionais do profesorado; vai reducir os períodos de atención da aula de convivencia inclusiva, co cal non se poderán atender os problemas de convivencia nas aulas; impedirá ofertar optativas que en moitos casos son decisivas para que os alumnos e alumnas poidan acceder ás universidades e contribuirá a aumentar a diferenza de oportunidades educativas entre os e as estudantes do rural e as persoas que viven nas cidades.

O IES Punta Candieira vén dando mostras do seu dinamismo e da calidade do seu ensino nos últimos anos, participando en diversos proxectos e concursos e acadando premios e excelentes resultados. É evidente que unha perda tan grande de persoal docente vai supoñer un problema enorme na calidade do ensino.

Por todo o exposto, os Grupos Municipais Socialista e Bloque Nacionalista Galego propoñen neste Pleno que se adopte o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Cedeira insta á Xunta de Galicia a:

Incrementar o número de docentes de acordo as necesidades do centro que permita dar unha atención axeitada ao alumnado de ciclos formativos, bacharelato de adultos, manter oferta de optativas



e cubrir as ausencias de docentes, mantendo suficiente profesorado de apoio para a aula de convivencia, a biblioteca escolar e para as gardas.”

O Sr. Alcalde dalle a palabra á Sra. Pernas

A Sra. Pernas di: Eu estou aquí en representación de todos os pais que están preocupados por esta historia. Só vos quería dicir que xa sabedes toda a problemática que hai, porque o acabades de ver e creo que estamos todos enterados do problema que hai. Só vos quería dicir que, máis que nada vimos a pedirvos que de aquí saiamos todos unidos para apoiar isto. Eu creo que a educación é algo primordial. Nós non temos outra alternativa. Sí é certo que, se os nosos fillos se teñen que ir de aquí, a diferenza é que algún estudará e outro, ó mellor, nin sequera vai a poder estudar. Eu quero que, a diferenza deses pais que denunciaron e que puxeron trabas no camiño, que nos quitaron a aula do instituto e todas esas historias, mirándose o seu embigo, vosoutros non fagades o mesmo. Vosoutros representades a todos os que están abaixo. Vos asomades á ventá e dos 341 nenos que están afectados por isto, e os 340 que van estar afectados para o ano que ven e para o seguinte e para o seguinte... Porque todo o que nos quiten non nolo van volver a dar. Vosoutros sabédelo mellor que ninguén. Porque se nos quitan dereitos e nos quitan profesores non nolo van volver a dar nunca máis. E isto conleva que os nenos van a ter cada día unha educación peor, e son os nosos fillos, son os nenos do pobo. Que, ademais isto conleva, que si a educación aquí non é boa, nós como pais, polos nosos fillos, agarraremos as maletas e nos teremos que ir. Nos teremos que ir a vivir a Ferrol e vir a traballar aquí. Que é igual que se ti te vas de aquí a traballar a Ferrol, pero te irás porque é moito máis cómodo para os nenos, entón vai a repercutir en moitas cousas neste pobo. E é moi triste. A educación e a sanidade son primordiais. E agora mesmo temos que loitar por eles. Eu creo que non nos debemos quedar cruzados de brazos. Este momento é o momento no que temos que demostrarlle ao pobo que estamos todos a unha: pais e vós, que nos estades representando a todos. E nada máis. Só vos viña a pedir iso.

O Sr. Alcalde di: Bueno, moitísimas grazas María. Despois se queres volver a intervir, pedindo a opinión dos outros portavoces, nós pola nosa parte non hai ningún problema e creo que polos demais tampouco, por se queres engadir algo que se che poida ocorrer. Doulle a palabra agora á Sra Rodríguez Pérez.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Bueno, pois eu un pouco na liña do que acabas de dicir, creo que moi ben expresado. Eu creo que a educación e os medios cos que conte o instituto... a ver, é que estamos falando do futuro. Os nenos, a xuventude, a mocidade é o futuro e a súa educación é un tema intocable. Creo que toda a Corporación, con toda seguridade, neste tema temos que estar de acordo sí ou sí. Estamos falando do noso pobo, das nosas necesidades, igual que cando falamos de sanidade. Todos e todas os que estamos aquí queremos o mellor para o noso pobo, obviamente. Eu quería pedir que toda a Corporación nos sumemos á Plataforma Veciñal e penso que ao mellor tampouco sería mala idea que como Alcalde, evidentemente, solicitaras unha reunión, que ao mellor non cha dan, en nome de toda a Corporación co Conselleiro. Eu iría directamente ao Conselleiro, nin Inspector nin nada, para que? Ao mellor hai algunha suxestión mellor que se lle ocorra a alguén, pero non sei, para falar deste tema. É algo xeral, non está pasando só neste instituto, pero a nós é este o que nos toca máis de cerca. Tamén a Plataforma Veciñal ten pensado facer concentracións, non sei si diarias.

A Sra. Pernas di: Si, esta semana tiñamos pensado facer algunha concentración para, máis que nada vos sabedes que todo isto funciona moito mellor se sae en prensa, se realmente nos ven que estamos aí, apoiando. Tiñamos pensado facer durante a semana, non sabemos exactamente se todos os días ou algún día. Entón, vos pedíamos que si podedes solicitar á Delegación o permiso, bueno comunicárllelo máis que nada, pois que o fagades porque si que é certo que nos temos que adaptar un pouco ós horarios de traballo de todos os pais. Entón non sabemos exactamente nin que día nin que hora, varias durante a semana.



O Sr. Alcalde di: Iso igual tedes que falalo antes na Plataforma en si, con todo o mundo, para poder dicirmos, porque a Delegación vains preguntar qué días e qué horas concretas. Aínda que despois igual non se fagan “x” días, pero ti que teñas un permiso para poder facelo.

A Sra. Pernas di: Por iso dicíamos de pedir toda a semana.

O Sr. Alcalde di: Claro, pero iso pedídenlo porque así nosoutros dicimos; tales días e a tal hora, vale? Xa o falades vós dentro da Plataforma. Que a Plataforma somos todos realmente.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Eu, nada máis que dicir.

O Sr. Alcalde di: Vale. Luís?

O Sr. Rubido Ramonde di: Nos imos a apoiar a proposta, aínda que lamentamos que era unha cuestión de cortesía democrática poñerse en contacto con nós. Hai unha maneira de subsanalo, que isto se converta nunha declaración institucional.

A Sra. García Ríos di: Pido desculpas por non telo feito, a verdade é que me arrepentín despois de facelo. Fíxeno moito ás presas e xa llo expresei ao outro grupo. Lamento non terlo comunicado e non ter incluído ó outro grupo.

O Sr. Alcalde di: Supoño que aceptarán as túas explicacións, as túas desculpas. Creo que si, que se debe facer unha declaración institucional, estou de acordo niso. Creo que, como ben dixeches ó principio, a moción está feita precisamente para que todo o mundo a poida apoiar. Non é unha moción dura, que se podería ter feito pedindo moitas máis responsabilidades. Un pouco a idea ía por aí. Si que se pode subsanar e solucionar agora mesmo cunha declaración institucional na que participemos todos, creo que sería fantástico. Pola nosa parte parécenos iso.

O Sr. Rubido Ramonde di: Ten máis entidade.

O Sr. Alcalde di: Por suposto que si. Ermitas, pola nosa parte, que estiveches máis pendente de todo isto.

A Sra. García Ríos di: A moción é bastante escueta porque eu prefería centrarme no fundamental, pero claro que se poden explicar aínda máis as consecuencias, se fixera falta. É unha redución moi drástica do profesorado. A min estes días moita xente preguntábame: “Pero iso pasa noutros sitios? En realidade reducen moito?” É moi fácil darse conta pensando que matriculados a día de hoxe hai 18 alumnos menos e profesorado cargado na aplicación hai 11 profesores menos. Creo que é fácil darse conta da gran desproporción que hai entre menos alumnos e menos profesores.

E quería facer un pouco de fincapé, tamén, porque non está mencionado na moción, doume conta de que se me pasou, que non se fala da ESA (Educación Secundaria para Adultos). É un tipo de educación que está permitindo, non só á xente de Cedeira senón á xente da contorna, acceder a postos de traballo, porque hoxe en día estase esixindo á xente que non tiña educación básica, que non tiña aprobado todo o EXB ou que non tiña o BUP, pois non poden facer cursos básicos, por exemplo de atención a domicilio ou postos de traballo de peóns que necesitan esa formación básica. Ou sexa que non son só os nenos e nenas de Cedeira, senón que é a xente que non está insertada no mercado laboral e que necesita reciclarse, necesita ter algún tipo de ciclo e que por levar descolgados do sistema de estudos moitos anos sen un ensino presencial, é moi difícil que tanto en liña como os xoves da casa o poidan facer porque necesitan dunha tutorización, iso por un lado.

Por outro lado pensade que as ratios se van a aumentar moito, e que nas ratios non se están computando, porque a norma o di así, ós repetidores. Pensade que vimos de dous anos moi duros para todo o mundo, para todas as cidades, cada un na súa casuística. A nivel psicolóxico, a nivel educativo, a nivel de relacións das persoas... foron moi duros, de estar moi sos. Os que traballamos na docencia



sabemos que hai dificultades de relación agora mesmo nas aulas, que hai moitos máis conflitos dos que había antes. Que os nenos tiveron acceso, porque para estar entretidos accederon a internet moitas veces sen límites porque non hai normas que aínda traten diso. E sabemos que os temas de convivencia son problemas que están xurdindo, son moi variados, son novos e son graves. Hainos de todos os tipos, pero e que chegan ata ser graves, e fai falla profesorado atento a estas cousas, é moi importante.

Tampouco se menciona, en concreto, que non van a ser posibles os desdobres para ir a facer laboratorio, como estaban indo nos últimos anos. As actividades que estaban sendo realmente motivadoras que é traballar coa práctica, se desaparecen, pois é outra lousa encima destes nenos que están, en moita medida, desmotivados coa aprendizaxe porque tiveron que adaptarse a ler libros en ordenadores ou a aprender por esquemas ou na wikipedia, ou a filtrar, sen ter criterio, contidos da web para aprender pola súa propia conta, con pais que moitas veces pois este nivel xa non temos porque saber apoiálos. A un nivel de primaria todos podemos apoiar ós nosos fillos, o que máis e o que menos pode, pero a un nivel de secundaria supoño que a ninguén lle dará vergoña recoñecer que non pode apoiar en todas as materias aos fillos.

Tamén quería, que iso si que aparece na moción, facer fincapé no tema da oferta de optativas. A oferta de optativas xa era escasa antes. Eu viño en primeira persoa, na miña familia, e tivemos que recurrir á formación extraoficial, para poder complementar e para que puidera chegar a acceder ó estudio que quería. Falo da miña filla, en concreto. Nós puídemos. Cantas familias non van poder ou non poden acceder a clases particulares, por exemplo, ou a viaxar ou a levalos a outros lados para aprender.

A redución do horario de biblioteca, pois que dicirvos? A biblioteca era un refuxio, un sitio culturalmente seguro dentro do centro; e coidado, está claro que o profesorado se se encarga de horas lectivas, para continuar facendo os proxectos todos que se estaban levando no centro, que se levan moitos, está sendo un centro premiado tanto en ciclos como en ESO e en BACH, pois o profesorado cumprirá o seu horario, por suposto, pero por que?, que motivacións?, se non ten unha dedicación, para dedicarse a eses proxectos, para traballar por eles...se non se poden ofertar.

Desde a biblioteca saíron moitos proxectos, desde optativas como a radio escolar saíron moitos proxectos, desde optativas como o voluntariado saíron proxectos. Entón o instituto quédase con todo iso que o facía, non moi especial porque calquera centro de calquera cidade se pode ter todo isto, se non pois digno, facía de el un centro digno. E se se reduce así, estaranse dando servizos mínimos, seguramente, pero é moi triste porque as persoas que non poden costearse ou que non poden viaxar non van a ter acceso ao que ten acceso a xente que vive nas cidades grandes, con máis oferta de centros educativos na contorna.

E pensemos que non somos só nós, que hai outros concellos limítrofes que non teñen, como Cerdido, que non ten instituto, ou Moeche tampouco, ou Valdoviño que tampouco ten Bacharelato.

E nada máis.

O Sr. Alcalde di: Pola miña parte creo que pouco máis se pode engadir salvo darvos as grazas a todos pola participación, sobre todo á Plataforma polo traballo que estades a facer.

Grazas tamén polo tono deste debate, que foi un debate pensado polas nosas necesidades das nosas fillas e dos nosos fillos, e sobre todo por dar a entender esa problemática que nos vai a causar todo isto. Todo isto que acabades de falar todos, quédome un pouco co que dixó ó final Ermitas, que profundizou un pouco máis, que toda esa necesidade, sobre todo despois de vir dunha pandemia, de estar vendo as desigualdades que está habendo na sociedade, entón a falta de profesorado vai conlevar que haxa esa problemática á hora de poder estudar e de poder acceder a diferentes ciclos, a diferentes carreiras, polo tema das optativas, polo tema da inseguridade que pode haber nas familias polo tema dos recursos económicos. E temos que pensar que na política e na sociedade o modelo debe ser considerar a educación, como ben dixó tamén antes María, e incluso a sanidade e os servizos sociais, como unha inversión e nunca como un gasto, que parece que é algo que a veces todos asumimos.

Nada máis, dicirvos, María, que contedes co apoio da Corporación. Aquí son catro patas, as que estamos aquí, consideradea unha única que é a Corporación toda. Que mostramos o apoio incondicional ó pobo de Cedeira, tamén a Cerdido, que esta mesma moción acabana de aprobar fai dous días que tamén lla presentamos María Xosé e máis eu ao Alcalde para que a levara.



E dicir que continuedes coas accións que nós imos a seguir continuando con todas e cada unha delas. Que nós vos imos seguir apoiando. Que nunca nos debemos de desilusionar porque ás veces temos que dar un paso para atrás, pero imos saír fortalecidos con dous para adiante o día de mañá. Porque non é xa só pensando no futuro de agora senón no futuro que poida ter o centro en futuros anos. Porque se hai outro recorte no vindeiro ano... pois todo iso.

Que contedes con todos nós. Ben vedes que tedes o apoio dos tres grupos da Corporación, que somos os que realmente representamos a toda a sociedade de Cedeira, e sobre todo a Dirección do centro. Si que é verdade que, dentro de todo isto, tamén voto un pouco de menos á ANPA do instituto porque, persoalmente, con nosoutros, como grupo de Goberno,co partido, non se puxo en contacto, polo que tampouco sabemos cal é a defensa que están facendo agora mesmo desta problemática. Non sei se se poñeron en contacto con vós?

A Sra. Pernas di: Con nós non, puxémonos nós con eles, eu chamei á presidenta da ANPA e me dixo que, en principio, que seguramente, igual dous profesores máis os conseguía a Dirección xa. Entón que eles iban a esperar a que empezara o curso. A ver como empezaba, e despois, se tiñan que tomar medidas, que tomaban medidas.

O Sr. Alcalde di: Eu no debate que teñan eles para ter as consideracións prefiro non valorar. É un sen sentido esa explicación.

A Sra. Pernas di: Eu non entendo, por exemplo como nai, poido decidir que dous profesores máis lles van a chegar ou non lles van a chegar. Se ata agora xa tiñamos unha educación que non era precisamente perfecta, se nos quitan dez, o que sabemos e que vai ser seguramente moito peor. E o outro día, si que é certo, que agora por esa denuncia que houbo, a Dirección do cole non pode estar en contacto con nós porque están baixo ameaza de sanción. Pero anterior a isto estivemos falando coa Dirección e si que é certo que eles din que non se pode comezar un curso normal. Entón se non se pode comezar un curso normal, hai que loitar por iso. Xa me dixo a min que lle mandaran unha redacción que ó mellor un profesor máis llo daban. Non. Eu xa llo dixen, está mal redactado. Non nos están dando nada, estannos quitando nove. Se nos dan un, estannos quitando nove. Non o vexades así, non nos están dando nada. Non nos temos que conformar con que nos van a dar dous. Non nos están dando dous, están quitando oito, que segue sendo igual de grave. É o que dicía Ermitas, son 18 nenos meno e dez profesores menos ou once, así que imaxínate.

A Sra. López Rodríguez di: María perdoa, e o das afíns que faláramos...

A Sra. Rodríguez Pérez di: E que o das afíns é unha barbaridade que xa se ven facendo dende fai moitos anos no ensino. E é unha tremenda barbaridade, porque baixa a calidade do ensino, facendo que alguén de matemáticas, por dicir algo, dea inglés, por exemplo.

A Sra. López Rodríguez di: Ademais, polo que temos entendido, este ano vai pasar incluso nos cursos de bacharelato. E que vai haber profesores de historia que van a dar filosofía. Hai algúns cursos de bacharelato nos que filosofía non é optativa, é obrigatoria.

A Sra. García Ríos di: Filosofía en carreiras pondera 0,2.

A Sra. López Rodríguez di: Efectivamente, e vai estar dada polo profesor de música e o profesor de historia. E están nun aprieto porque non están dando a nenos de primeiro ou de segundo, terceiro ou cuarto da ESO, están dando a nenos de bacharelato que se están xogando entrar na carreira que eles queiran. Entón é moi grave moi grave, cada vez a cousa ponse máis grave e máis difícil para os nenos e para os pais.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Eu creo que ademais en ningunha, por chamarlle, negociación, se se dera o caso, nunca, ademais o digo por algo que saíu na prensa que me parece ridículo, nunca xamais podes



dicir que che están quitando 10, 11, 15... nunca xamais ti, como afectado, podes dicir me conformo con 2. A ver, dous dedos de fronte!. Tes que pedir o que tes que pedir. Despois o que chegue, pois xa se verá. Pero non podes xa ti, rebaixar as túas expectativas, iso é absurdo de todo.

O Sr. Alcalde di: Para rematar, en relación, María, co que dixeches antes de solicitarlle unha reunión directamente ó Conselleiro, igual era moi boa para ver o apoio que ten o ensino en Cedeira por parte da Corporación municipal, solicitala cunha representación de cada partido. Para que se vexa que estamos loitando todos xuntos polas nosas necesidades.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Si, esa é a maneira. Creo que a moción debe ser apoiada por todos. Penso que ten razón Luis, que debe de ser unha declaración institucional e, partindo de aí xa temos moito camiño andado, todos unidos, que é o lóxico e o normal, e que a ninguén lle cabería na cabeza outra cousa. Eu creo que si, no nome da Corporación.

O Sr. Alcalde di: Estamos todos de acordo? Non sei se, María, se queres engadir ao final algo.

A Sra. Pernas di: Darvos as grazas. É certo que non esperaba menos, porque si que é un problema moi gordo. Mirade, eu ás veces peço de dicir que a miña filla está en segundo de BACH. A min, persoalmente, malo será que un ano non safemos e despois podería dicir “que lles den”. Pero non. Veñen detrás moitos nenos que o van a pasar fatal. Porque é o que di María, lles vai a dar inglés a de matemáticas; matemáticas a de historia... Pasou cunha substitución dunha profe que lles dixo: “ e que eu non teño nin idea de darvos isto. Téñome que poñer ó día porque non teño nin idea”. Pois iso é o que lles vai pasar a moitos.

Agora fixeron filosofía e economía. A ver quén da qué, porque as fixeron afíns, e afíns, que ademáis, ata creo que é ilegal porque eu creo que unha asignatura que é obrigatoria non a pode dar calquera.

A Sra. López Rodríguez: Estao mirando o sindicato.

A Sra. Rodríguez Pérez: Si é obrigatoria non se debería, pero...

A Sra Pernas: Vamos, que é un problema moi gordo. E hai que facer ruído e a ver se alguén nos escoita.

A Sra. Pérez Rodríguez di: Hai que facer ruído e saír na prensa. É importante.

O Sr. Alcalde di: Nada máis. Moitísimas grazas a todos.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a moción nos termos no que quedou transcrita.

A proposta do portavoz do Partido Popular, por parte da Presidencia, sométese a votación a reconversión desta Moción en defensa do ensino secundario en Cedeira nunha declaración institucional. O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a reconversión desta moción nunha Declaración Institucional en defensa do ensino secundario en Cedeira.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 12:30 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria Accidental, dou fe.



O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA ACCIDENTAL
M^a DEL MAR ANTÓN BRAGE